XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS A INVESTIMENTOS NON PRODUTIVOS VINCULADAS Á REALIZACIÓN DE OBXECTIVOS AGROAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS NOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA	**MT819A**	**SOLICITUDE**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEXO ◯ HOME ◯ MULLER DATA DE NACEMENTO

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

◯ **Electrónica**, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

◯ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

TIPO DE PERSOA SOLICITANTE

◯ Propietarias ou residentes
◯ Asociacións/agrupacións
◯ Concellos
◯ Comunidades de montes veciñais en man común
◯ Empresas
◯ Persoas titulares ou arrendatarias de explotacións agrícolas ou gandeiras

OBXECTO DA SOLICITUDE

☐ Grupo 1.a) Actividades dirixidas á mellora da paisaxe agraria e ao desenvolvemento dos usos recreativos.

☐ Grupo 1.b) Actividades dirixidas á recuperación de elementos históricos, patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional.

☐ Grupo 1.c) Actividades dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas.

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

DENOMINACION DA ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE	ORZAMENTO SEN IVE(€)
REFERENCIA SIXPAC das parcelas agrícolas beneficiadas	Superficie Natura 2000 beneficiada pola acción (ha)
DESCRICIÓN SINTÉTICA DA ACTUACIÓN:	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

○ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

○ Si solicitou e/ou se lle concedeu, ou están pendentes de resolución de concesión, outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ESTADO[1]	IMPORTE (€)

[1] No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicarase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

○ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

○ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Estar ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Tratándose de empresas, declaro que esta empresa non está en crise de acordo coa definición establecida nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DO C 244 do 1.10.2004, p. 2). Declaro tamén que a dita empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común. Declaro tamén que a empresa non está inmersa nun proceso de concurso de acredores.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

Para todo tipo de solicitante

- ☐ Anteproxecto ou memoria técnica asinada por persoal técnico competente (deberá conter, como mínimo, a descrición dos traballos ou actividades, xustificar a ZEC e parque natural en que se vai traballar, a superficie de actuación e os obxectivos ambientais a que contribúe, relación valorada, planos de situación en detalle, orzamento detallado e co IVE desagregado, calendario e prazo aproximado de execución. De preverse o emprego de medios propios, presentarase a documentación do proxecto desagregado diferenciando o custo da man de obra que se vai achegar xunto cos seus previsibles custos materiais. Indicaranse como mínimo, os datos recollidos no anexo III).
- ☐ Tres ofertas de tres empresas diferentes co orzamento de execución daquelas unidades que se prevexan executar mediante licitación.
- ☐ Autorizacións e permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.
- ☐ Autorización/informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de non tratarse dun ben de interese cultural ou estar catalogado (no caso de actuacións dirixidas á recuperación de elementos tradicionais da paisaxe rural ou necesarios para o mantemento da paisaxe agraria tradicional).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da representación			

Documentación segundo a natureza da persoa solicitante

- ☐ Certificación do/da titular da dispoñibilidade do terro, no caso de que a persoa solicitante non sexa a persoa titular da propiedade.
- ☐ Documento que acredite a condición, no caso de persoas arrendadoras.
- ☐ Certificación do acordo da asemblea xeral conforme autoriza a xunta reitora para solicitar axudas, no caso de comunidades de montes veciñais en man común.

- No caso de asociacións ambientalistas e de custodia do territorio:

- ☐ Acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar a axuda.
- ☐ Documento que acredite a condición da entidade como xestora das terras para as cales se solicita a axuda (acordo de custodia, contrato de alugamento).

- No caso de concellos:

- ☐ Certificación expedida pola persoa titular da secretaría relativa á resolución adoptada polo órgano local competente, na cal se dispoña solicitar a subvención regulada nesta orde e a dispoñibilidade dos terreos.

- No caso de empresas ou autónomos/as:

- ☐ Certificado do concello conforme realiza a súa actividade no parque natural correspondente, no caso de non estar de alta no IAE.
- ☐ Acreditación de posuír a sede social nalgún municipio do parque natural correspondente.
- ☐ Acreditación de ser propietarios/as ou arrendatarios/as das terras para as cales se solicita a axuda.

- No suposto de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varios/as copropietarios/as, deberá presentar:

- ☐ Documento que acredite o consentimento de todas as persoas copropietarias.
- ☐ Documento que acredite a representación do solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal	☐
Certificación de titularidade	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda	☐
Fichas Sixpac das parcelas beneficiadas pola acción a partir das referencias presentadas pola persoa solicitante	☐
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ Comprobación, na Sección Provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, da posesión dos estatutos en regra, e que figure a composición da xunta reitora actualizada conforme os parámetros da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei, no caso das comunidades de montes.	☐
☐ Inscrición no Rexistro de Asociacións, no caso de asociacións ambientais e de custodia do territorio.	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	◯ SI ◯ NON
Estar de alta no IAE	◯ SI ◯ NON
Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria	◯ SI ◯ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE LA PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias. A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europa na súa condición de organismo intermedio dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos, segundo o disposto nos artigos 125, número 2, artigo 140, números 3 a 5, e anexo XIII, número 3, do Regulamento (UE) 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.
- Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) 352/78, (CE) 165/94, (CE) 2799/98, (CE) 814/2000, (CE)1290/2005 e (CE) 485/2008 do Consello.
- Regulamento 807/2014, do 11 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.
- Regulamento (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013.
- Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión.
- Orde do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos parques naturais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT819A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE O REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____